

## Poesía: empezar o milenio

**Helena González Fernández**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2001]). “Poesía: empezar o milenio”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 285-293. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1163>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2001). “Poesía: empezar o milenio”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 285-293.

\* Edición dispoñíbel desde o 6 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Poesía: empezar o milenio

---

*Helena González Fernández*

Comeza un novo milenio alancando cara a unha renovación poética que podería construír pontes a partir dalgúns dos libros que aquí aparecen, singularmente do *m-Talá* de Chus Pato, que ofrece un modelo novo, non ecoico, con múltiples posibilidades para renovar o contrato co lector de poesía, ou, nunha proposta menos rupturista pero sólida, a do primeiro libro en galego de Maite Dono. Obsérvase tamén un avance no proceso de renovación da nómina de poetas, que este ano amece moitos nomes novos, algúns prometedores, outros experimentais, e moitos desafiantes (Emma Pedreira, Adolfo Caamaño, Cesáreo Carballido, Estíbaliz Espinosa...), aínda que non están claras cales van ser as calellas novas deste recambio e puidera ser que polo camiño a achega por algún destes autores se fanase.

En xeral publícase menos, e esta mingua no número de títulos publicados só se compensa co reforzo das publicacións institucionais (a Deputación de Pontevedra inaugura colección, Tambo) e mais co esforzo titánico de Espiral Maior por diversificar a súa liña editorial abrindo novas coleccións, un reto que podería non fructificar se non se ve correspondido por unha boa acollida lectora, e, non haberá tal se non se aborda unha política de apoio á lectura e promoción dos libros, que non poden levar adiante as editoriais, que abondo fan con publicar libros que a penas cobren custos (poida que esta sexa a pexa de constituírmonos en sistema literario normal, normal segundo o modelo mercantil occidental). Non se trata só da necesaria convocatoria de premios e a consecuentemente publicación por parte das institucións, senón de apostar por camiños imaxinativos que esperpen o interese dos lectores. Trátase polo tanto de que a administración se implique de maneira decidida e artelle un mecanismo de difusión axeitado ós tempos. Poida que sexa máis

útil isto ca custear múltiples edicións institucionais que teñen unha distribución cativa ou inexistente (por favor, non se entenda como un ataque á publicación con diñeiro público, senón ó inexplicable feito de non os querer pór á venda). Algúns modelos de promoción xa hai, por exemplo, en Nova York e, por imitación, en Barcelona, que fan da poesía un grande espectáculo plural, aberto e popular.

#### COMPROMISO COA LINGUAXE (PO)ÉTICA

Este ano a poesía regresa ó compromiso coa realidade e procura, daquela, ofrecer un discurso ético. Agora ben, xa todos sabemos desde hai alomenos trinta anos (os da transición poética galega, marcados por Ferrín, Pexegueiro, Rompente e Xohana Torres), que a submisión ó realismo non é máis ca unha das múltiples maneiras de ver a realidade, posiblemente a máis limitadora e plana de todas, e que cómpre que o compromiso ético veña de desconfiar do repertorio herdado, de explorar novas fórmulas maxistras ás que aínda non lle sabemos dar nome.

Sen dúbida, o poemario que maior rebumbio provocou coa súa publicación foi o *m-Talá* (Xerais) de Chus Pato, que tivo unha magnífica acollida crítica e que, inmediatamente logo da súa publicación, se chantou como marco dun novo rumbo poético para a alborada do século XXI. O libro, efectivamente, rompe con múltiples convencións e propón incontables retos ós lectores (unha “lección de abismos”) e retoma en boa medida temas postos a debate no seu *Nímvie*; polo tanto hai moito de autopoética. Para entrar no libro cómpre romper todos os contratos lectores xa usados e ir pouco e pouco coñecendo as novas regras que se propoñen, entre elas a de participar doutras fórmulas discursivas como o discurso dramático, o radiofónico ou o da simultaneidade de discursos diversos (por exemplo, poemas acompañados por textos en recadros). É esta unha poesía que raia a dramática, deixa que as múltiples voces falen, aparentemente, sen cancelas nin intermediarios (hai un poema que teoriza sobre o suxeito lírico) e recupera a Shakespeare. Así mesmo, xa é característico da autora a profusión de referencias diversas que por veces fan dos poemas terreos moi accidentados e, sen embargo, niso consiste parte do seu respecto ó lector, en escribir para cabezas destemidas, dispostas a adentrarse en selvas poéticas descoñecidas e ser capaces de vivir por si mesmas a aventura de decodificar sen guía, pero non na ignorancia (“interromper ao lector. Seguido / INTERROMPELO”). O que singulariza *m-Talá* é unha profunda esculca sobre a linguaxe poética, a comunicación co lector, a interpretación, a súa capacidade para, fóra das cubas vellas da harmonía, a transcendencia e a estilización, subverter a ordenación mental do mundo que teimosamente se tenta manter escudándose nunhas irremediabes leis naturais, obrigándonos a enfrontarnos cunha realidade explicada ás veces de forma alegórica. Neste libro, á autora non lle pon medo a xogar e a autoparodiarse facendo partcipe ó lector, algo que pode sorprender porque racha con esa idea de poesía-intelectual, e daquela distante. Compromiso (po)ético e comunicativo para descubrir as realidades enmascaradas.

Unha maneira máis tradicional de compromiso, abertamente político, vén da man dun novo autor, Adolfo Caamaño, quen acadou co seu *Poemario irlandés* o IV Premio Johán Carballeira. O seu punto de partida constitúe todo un reto poético: reescribir e renovar a tópica do paralelismo Galicia / Irlanda, facendo confluír ambas e dúas realidades nunha soa, de tal maneira que se confunden pola mestura de referentes literarios, históricos e reais que conforman unha transposición da Ga-

licia épica proxectada sobre unha renovada visión do irlandés (“Ulsters con Cambados e Bueus”). Formalmente representa unha proposta de renovación formal da poesía épica, guiada por unha ambición semellante á de Pondal, renovando desde a (in)fidelidade histórica, a paisaxe habitada e a concorrencia de heroes. Xógase coa disposición do verso, utilízase o verso a modo de centrifugadora de discursos e os vellos guerreiros comparten espacio coas representacións heroicas tiradas da ficción (Obélix) ou doutros espazos xeográficos (mohicanos). O libro, inzado de referencias intertextuais, e poboado por innumerables antropónimos (moitos deles nomes de escritores, que pasan a habitar a memoria da resistencia ou do exemplo) e mais de topónimos.

Outra manifestación, agora historicista, desta onda de literatura comprometida é a que alenta nunha nova colección de Edicións do Castro, Biblioteca do Exilio, da que falaremos máis abaixo.

## ELAS, POETAS

Este ano seguiron aparecendo novos nomes de poetas que veñen completar unha lista xa extensa de escritoras, a miúdo desafiante, que rebotan o repertorio galego común e o reviran.

A voz máis consistente de entre as novas poetas é a de Maite Dono, cantante e anteriormente poeta en castelán, que se estrea en galego cun texto intenso, desgarrado e innovador, *Mar vertical* (Espiral Maior). Encabézao un limiar de Ana Romani que pode axudar a cadrar a poética de ambas e dúas poetas. Neste mar poden verse novos argumentos para engadir ás xenealoxías das mareantas que simbolicamente marcan un novo rumbo na poesía galega de mulleres (Xohana Torres, Ana Romani, Chus Pato e, agora, Maite Dono). Trátase dunha poesía violeta marcada pola constatación do suicidio e lousada de marcas do discurso feminista que permiten unha lectura asemade do eu e do nosoutras. Dous son os elementos máis sorprendentes do libro: por unha banda a interposición de personaxes de ficción para a representación de actitudes (o Home-Pato), por outra, a reconceptualización do espazo que se ofrece xa no propio título.

Con *Pan (libro de ler e desler)*, gañou Estíbaliz Espinosa o XIX Premio Esquíu. O máis rechamante do libro é o maduro da súa proposta, que malia ser o seu primeiro libro, non é nada inocente. A partir dos saberes agochados dos magos (o libro de ler e desler emprégase nos esconxuros) e mais da alquimia da pan, sitúase como continuadora dunha estirpe sabía que coñece a “épica do fermento”. Xa que logo anuncia unha redención do eu feminino a través da toma de conciencia da corporeidade e do desexo, que como concepto non é novo pois hai xa unha certa tradición de poesía erótica feminina nos últimos anos. Sen embargo, a diferenza de Olga Novo, que podería ser o referente previo máis á man, amece un elemento novo, o da técnica (culinaria) fronte ó mundo natural e primixenio que empregaba a luguesa. Pero non se trata só dun libro erótico. Ofrece incontables xogos intertextuais (“Reclamo a fantasía pró meu pobo”, en clara referencia a Méndez Ferrín), non só coa poesía senón coa tradición popular.

Polas vereas do erotismo natural, leva Ana M. González o seu primeiro libro, *Cárnica das nosas vidas xuntos* (Deputación de Pontevedra), quen, aínda que non cultiva o ton naïf, sorprenderá pola contención das imaxes de impronta surrealista. Tamén Emma Pedreira Lombardía, como Estíbaliz Espinosa, aposta no seu *Grimorio*

(Castro) polos saberes ocultos. Con el gañou o XII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, e este é o seu segundo libro publicado. Nesta ocasión métese nunha viaxe pola banda maldita, marxinal e oculta, cultivando unha ambientación gótica e unha actitude desafiante en primeira persoa. De novo a xenealoxía de mulleres e mais unha utilización provocadora e autodestructiva da maternidade sitúa a súa representación do feminino na banda de Lilith. Cumprirá seguirille a pista.

Pola súa banda, Marta Dacosta acadou o accésit do Esquíu con *En atalaia aberta*, un libro que se presenta, ó meu ver, como o máis logrado da súa produción, na medida en que a experiencia da dor, da negación, da imposibilidade do regreso e da perda se encamiña cara a unha poesía sincera (que non morbosa), intensa e visceral.

Finalmente, cómpre facer mención a un experimento singular e interesante, o que ofrecen Paula de Lemos e Marga do Val con *Entre dumas* (Espiral Maior), unha experiencia de escrita en paralelo en galego e portugués feita en Alemaña. Nel conviven dúas concepcións diversas da poesía (a de Paula Lemos, a portuguesa, máis experimental, e a de Marga do Val, en galego, máis imaxinista) pero conflúen ambas e dúas no emprego do repertorio feminista, na reescritura da tradición medieval con tinta violeta e na defensa, por veces por procedementos irónicos, da independencia da muller.

#### NOVOS NOMES...

Renovación máis ca innovación e mais algúns libros-patín para tomar alento logo de subir as escaleiras, pero irrupción, iso si, de moitos novos autores.

Frank Meyer sería, segundo a etiqueta alcuñada por Alonso Montero, un poeta alófono de orixe alemana. Sen embargo, a diferenza de boa parte da poesía alófona, Frank Meyer non escribe este seu primeiro poemario, *Pêle-mêle-fel* (Positivas) como un estranxeiro, senón de a cabalo entre os repertorios alemán e o galego, e faino magnificamente instalado no territorio da lingua. Por se non fose de seu pouca singularidade, o libro, ademais, constitúe unha aportación importante á renovación da poesía heteroerótica de autoría masculina feita sen medo e con frescura, renovando o léxico sexual, un reto sempre difícil en poesía, sabendo beirar metáforas e eufemismos gastos (un dos maiores perigos da literatura erótica). O sexo, por suposto, encarreira a lectura alén dos territorios do desexo e do goce, que están, e ben explícitos, e leva á constatación do encontro/desencontro en espacios pechados, por veces abafantes, dominados polo contacto próximo, mesmo claustrofóbicos.

Desde Francia chega o primeiro poemario de Cesáreo Carballido, *Sede auga* (Xerais). A súa proposta pasa por manipular de tal maneira a linguaxe poética que sorprende. Un dos procedementos que emprega é o do poñer o título ó final, marcando dobremente a tensión e convertendo algúns poemas nunha especie de glosario persoal; outro dos procedementos característicos do libro consiste na partición arbitraria de palabras (“a slu ces”); e, finalmente, a combinación de palabras e números seguindo unha orde que el mesmo establece ó comezo do libro e que dá sentido ó título do poemario. Pero, o máis interesante da súa proposta, é que hai unha vontade ficcional que rompe coa linealidade do eu lírico.

Tamén cumprirá seguir con atención a proposta de Xosé María Vila Ribadomar en *A fraga do pericardio* (Tema), unha visión distanciada dos sentimentos que

xoga á autoparodia e por iso titula algúns dos seus poemas como “Tres sístoles”. Xogando co verso e co poema en prosa, procurar novas maneiras, por veces alegóricas, de suxerir estados do espírito.

Así mesmo, este ano mostrouse especialmente activa a Colección O Roibén, empurrada pola Asociación Celso Emilio Ferreiro e, en concreto por Xavier Frías, Vicente Araguas, Fermín Bouza, Ana Acuña e Manuel Pereira. Trátase dunha colección particular no panorama galego porque, feita desde Madrid, incorpora á literatura galega novos nomes (a maioría alófonos, algúns da Terra Eo-Navia) que teñen a súa primeira oportunidade nestes caderniños artesanais.

Outros nomes que aparecen por primeira vez este ano pero con poemarios de menor interese son: Xosé Abeal, cun libro paisaxístico; Carlos López cuns poemas arredor do eros/tánatos presentado como xeografía amorosa e, recuncando na poesía dez anos despois do seu *Poemas da cinza* (Espiral Maior), Manuel Pereira Valcárcel, poemas amorosos predicibles; e José Manuel Teixeira, que acadou o XVIII Premio de Poesía Cidade de Ourense con *O mosto e as fragas* (Espiral Maior), para proxectar na paisaxe as inqedanzas existenciais; e, situada á beira do mar, Rosa Méndez Fonte estréase como poeta en galego cos seus *Poemas anobelandos no tempo* (Espiral Maior).

Finalmente, entre as curiosidades do ano, destaca, sen dúbida, a presentación do Moncho Borrajo poeta galego nun poemario que quere ser sincero, directo e autobiográfico, *Fixen camiños* (Espiral Maior). O libro parte da tópica máis resesa do repertorio galego (emigración e saudade) e só interesará ós seareiros do humorista.

### ... E NOVOS SOPORTES

O capítulo de poesía experimental redúcese este ano ó intento de probar novos soportes. Logo do soporte vídeo, CD e CDRom, aparece Retagarda Edicións disposta a explotar todas as vantaxes da informática e a comercializalo da maneira máis barata posible, o disquete de tres e medio. Digamos que se trataría dunha especie de edición artesanal na era do PC e Internet. A iniciativa estréase cunha reedición, o *Ícaro* de Rafa Villar, que xa saíra en edición non venal, o intimista *Os veos da paisaxe* de Eduardo Estévez e mais *O libro dos cans* de Estevo Creus, que se segue superando e ofrece un poema-visual que, a modo de autoexplicación terapéutica volve interpor un eu-narrador obsesivo que mira a realidade coa súa —outra— lóxica. Por outra banda pouco e pouco a poesía vaise incorporando en páxinas persoais e sobre todo, páxinas colectivas. Pero segue faltando unha verdadeira reflexión sobre a nova linguaxe a que obriga a pantalla. Copiar os poemas noutro soporte non é abondo. Por aí van agora os poetas experimentais. E nós non temos.

### XEOGRAFÍAS, VIAXES E MEMORIA

Logo da autoescolma poética, Cesáreo Sánchez Iglesias volve á poesía do miúdo con *O rumor distante* (Esquío), un libro de verso delongado. Nel recóllese a experiencia reflexiva e solitaria da paisaxe coñecida, entretecida con abundantes elementos da historia, dos mitos e do imaxinario. En certa medida é unha proposta singular de sendeirismo poético (que el denomina camiño), con propostas de tra-

mos (xornadas), que ten vontade de viaxe mítica. Quen si aposta formalmente pola viaxe iniciática é un novo autor, F. R. Lavandeira, autor de *Mar que evita o meu regreso* (Castro). Xeograficamente sitúase na Costa da Morte e mais no corpo dunha amada para comezar unha viaxe iniciática polo medio da bravura do mar e do eros. Paisaxe e amor conflúen nunha experiencia transformadora do eu/nós que quere dar argumentos para a identidade colectiva, entretecida de innumerables xogos intertextuais e citas á literatura galega virada ó mar (Manuel Antonio, Cunqueiro, Luísa Castro...), sen embargo, o reto poético que se marca o autor, ambicioso e a priori interesante, a penas significa un avance.

En certa medida Rafa Villar tamén se sitúa no eixe articulador da viaxe no seu último libro, *Días de Sherezade* (Espiral Maior), que foi galardoado co III Premio de Poesía do Concello de Carral. Formalmente segue a liña iniciada en *Ícaro*, poemas breves que constitúen realmente un só poema. Se no anterior libro afronta unha navegación épica, neste caso o heroe procura unha viaxe interior e amorosa guiado pola figura da contadora de contos, que é muller, experiencia e amante.

Polos vieiros da memoria reaparece Henrique Rabuñal co seu *O tempo demorado nos marmelos* (Espiral Maior). Situándose no outono ofrécese unha retrospectiva vital que queda ben clara nas seccións en que se ordenan poemas escritos en distintos sitios: a orixe, a construción da casa, a peregrinación iniciática, a memoria dos humanos (onde aparecen homenaxes a Dieste e Manuel María), a memoria propia e o remate, presentado como silencio e música.

Tamén Vicente Araguas fai un repaso pola memoria e polas derrotas en *Río matinal* (Espiral Maior). A diferenza de Araguas fronte a outros poetas da súa quinta el quere ser un fiel testemuño vital dunha xeración que viviu a música, a poesía contemporánea e as experiencias vitais. Polo tanto, procura continuamente ir marcando os versos con referencias temporais que resitúan a poesía en relación ós momentos vividos. Particularmente interesantes son os poemas en prosa da segunda parte, titulada “Despois da paisaxe”.

*Vocabulario das orixes* (Deputación da Coruña), foi o título co que Xosé María Álvarez Cáccamo acadou o Premio Miguel González Garcés en 1999. Nel propón unha pescuda sobre a orixe artellada en forma de glosario, unha ordenación que coñece antecedentes na poesía dos últimos anos, aínda que non se explicita (por exemplo, no *Pornografía* de Lupe Gómez). Logo dunha depurada proposta de poema en prosa, o novo esquema formal empregado é o do verso hendecasílabo ou heptasílabo branco procurando unha sintaxe coloquial que se acomode no ritmo. Dalgunha maneira con este libro reflexiona sobre o oficio poético (vese a si mesmo como neno pescador) e volve sobre a súa teimosa “casa das orixes”. Situados no eixe da memoria, publican tamén este ano Xesús Rábade Paredes con Os dedos nos loureiros (Deputación da Coruña), que quere ser unha sincera homenaxe ás nais da guerra, xa mortas, e mais o gañador do Premio Miguel González Garcés do ano 2000, Manuel Álvarez Torneiro cun libro de poemas en prosa, *Campo segado* (Deputación da Coruña), que serve de reconto existencial.

#### REAPARICIÓN...

Como gañador do Premio Martín Codax de poesía aparece *Libra* (Galaxia), de Gonzalo Navaza (por certo, benvido). Abondo coñecido pola súa vertente como autor de poesía-enigmista na que os signos van amoreando múltiples significa-

cións agochadas procedentes da cábala, a numeroloxía, o xogo palindrómico, o zodíaco, etc., este poemario non se pode ler sen predispoñerse a entrar nos ocultos labirintos da plusignificación. Así “libra” non só é o case-palíndromo de abril senón que fai referencia ó simbolismo do sete e ó equilibrio entre o interior e o mundo, e, polo tanto, é un símbolo de conxunción. Iso é o que se atopa en *Libra*, o poemario máis virado ó eu de Navaza.

Manuel Guede Oliva, abondo coñecido pola súa faceta teatral, regresa catorce anos despois ás congostras dos versos e a Serenou (Ourense). *As doce e sereno* (Xerais) é un percorrido pola memoria dos lugares queridos, interpoñendo como fio conductor un narrador en primeira persoa que se figura como un sereno, o custodiador da noite, que convida a entrar nos territorios do pasado e a coñecer “a tina coa memoria rota”. Percorre todo o poemario unha tensión e unha contundencia dramática que fai pensar nunha impostura trágica, de profundo alento shakespeariano, como indican as citas do dramaturgo inglés que abren as seis partes (ou, poñamos, cadros escénicos) en que se organiza o libro, como indican tamén as numerosas referencias teatrais, como indica tamén o ton dos versos, prontos a seren ditos desde a escena e inzados de interrogacións retóricas, se cadra, demasiadas.

Manuel Romón non é un poeta que se prodigue moito e, sen embargo, é un referente inescusable cando se quere facer conto dos nomes que tentaron a linguaxe poética galega cara á modernidade e ó silencio, e, por suposto, cando se fala de literatura experimental. Este ano publicou *Et finira le jour de son commencement* (Deputación de Pontevedra), onde segue cultivando esa poesía minimalista, de verso/frase breve e contundente, e palabra exprimida ó máximo na súa significación, na que se sitúa como un estranxeiro, incluso a si mesmo. Os poemas en prosa complétanse con tres instantáneas / poemas visuais.

Mención á parte merece Sabino Torres Ferrer, un coñecido de vello da edición de poesía en Pontevedra. Fixo parte do grupo que botou a andar a histórica colección Benito Soto e nos últimos anos retomou o proxecto baixo o nome Colección Hipocampo Amigo, no que xa leva doce títulos publicados, entre eles dous poemarios neotrobadorescos da súa autoría, *Ondas do mar comigo*, e mais o publicado este ano, *Xograría nova*, no que recunca na estética de poesía estilizada neopopularista, neotrobadoresco, eufónica e liviá. Nesta mesma colección aparece, a destempo, un poemario longamente inédito de Manuel María, *Brétemas do muiñeiro*. Segundo declara o autor no limiar, o libro data de 1977 pero non atopou editor interesado. Case vintecinco anos despois publícase o libro, así que no contrato de lectura dominará a posición canónica do seu autor e o feito de encher un oco na súa abundante bibliografía. Tenderase a unha lectura histórica que neutralizará o discurso ideolóxico-eglóxico de recuperación do mundo rural e de denuncia da industrialización.

... ESCOLMAS, OBRAS REUNIDAS...

As escolmas irrompen este ano outra vez por motivos diversos. A antoloxía *Novas voces da poesía galega* (Consello da Cultura Galega) destaca polo seu valor documental, pois é a gravación e transcripción dun recital celebrado en Compostela por iniciativa do Arquivo Sonoro de Galicia. A miúdo as antoloxías-reunión, organizadas arredor dunha temática ou da adscripción xeográfica, resultan decepcionantes polo *tutti-frutti* poético á baixa, sen embargo sorprende pola vitalidade e inte-



rese dos textos *O entrelazo das palabras* (BNG), que recollen poemas de corenta e un autores vencellados a Compostela. As razóns do éxito débense en boa medida ós seus coordinadores, F. Calvo Martínez, Igor Lugrís e Rafa Villar, que acertaron na incorporación de tantas e tan variadas voces, entre elas, a Corporación Semiótica Galega, que ofrece poesía visual sinxela e efectiva. Pola súa banda, a *Escolma de familia. Cen anos de poesía* (Xerais) recupera a xenealoxía familiar que vai de Emilio Álvarez Giménez a Celso Álvarez Cássamo, que constitúe unha cadea ininterrompida de poetas, en galego e castelán.

No capítulo de obras completas, ou, máis ben, de reunión da obra publicada ata o momento, cómpre citar a *Obra lírica completa* (Castro) de Millán Picouto, que pretende ser a maior reunión de sonetos galegos e mais a *Obra poética case completa* (Castro) de María do Carme Kruckenberg, unha autora bilingüe, en certa medida *outsider*, que publicou a maior parte da súa obra en edición de autora e institucional. Esta será unha oportunidade para ler, en moitos casos para descubrir, a voz feminina do neotrobadorismo da posguerra, que precisaría unha demorada introducción, unha entrevista ou un estudio complementario que permitise saír á luz a unha autora moi descoñecida.

Reaparece Pexegueiro con *Blasfemias de silencio* (Xerais), onde reúne toda a súa obra anterior, agás os títulos dispoñibles no mercado, isto é, *Seraogna* e mais *Hipattia*, e amécelle uns poemas, *O reiñeñor dos Balcáns*, que en parte xa se coñecían porque se publicaran en *A Trabe de Ouro*. Cómpre ler nestes textos breves, aparentemente escritos para un neno, unha continuación do ton inxel que fai máis cruel a realidade bélica. Tamén Luís Rei Núñez recompila e reordena a súa obra poética baixo o título *A rolda invisible* (Deputación de Pontevedra).

### ... E RECUPERACIÓNS

Hai quen di que a literatura galega leva sobrepeso de estudos críticos e que ningunha literatura do mundo está máis estudiada cá nosa; nesta afirmación latexa o medo a que os ritos da filoloxía momifiquen unha literatura (unha cultura, logo) que se quere viva e menos virada ó pasado e ó rematado. No extremo contrario semella que reeditar e recuperar a biografía ética e os retos estéticos dun autor dado pode axudar a gardar memoria de disidencias que poderían resultar exemplares lidas desde o presente; e neste caso o risco radica na terxiverxación pedagóxica, que opera asemade por redución e hipertrofia, redución das lecturas posibles do signo literario e hipertrofia da singularidade histórica dun texto dado. Entre ambos e dous perigos, o certo é que as obras completas e as reedicións seguen sendo unha ferramenta reputada e útil.

A colección Libros da Frouma segue incansablemente co seu programa de recuperación e reedición de títulos e autores esquecidos, polo que algunhas destas reedicións críticas constitúen verdadeiras resurreccións, e a miúdo son o único estudio de conxunto dispoñible sobre un autor dado. Este programa de recuperación dos textos que camiñaron polas marxes do canon poético galego. Compléméntase con outros textos e autores de maior actualidade. Mágoa que a distribución desta colección sexa tan reducida, e máis aínda que algúns dos libros non se poñan á venda, polo que o devandito programa de reedición e publicación se converte en inoperativo. Entre os títulos deste ano cómpre salientar a reedición dun poemario de xuventude de Avilés de Taramancos, *A frauta i-o garamelo*, publicado por

subscrición en 1959 e que nos permite recuperar a voz máis inxel e musical do poeta. Publicouse, ademais, a escolma poética da obra de Víctor Campio Pereira, *Perdida luz*; o seu nome aparece recorrentemente nas publicacións dos últimos anos, entre elas as do Grupo Dolmen, un delta de poetas ourensáns. Outros nomes recuperados por esta colección son os de Aurora Vidal, autora de poemas para nenos, e Manuel Amor Meilán.

Na mesma liña de recuperación de textos esquecidos hai que citar *Ond'o sol facheaba ô amanecer* (Fouce), preparada por Xosé Luna Sanmartín, que rescata, estudia e fixa a obra de Avelina Valladares Núñez. Así mesmo, en edición póstuma, aparece *A fronteira comunicante* (Espiral Maior), de Eliseo Alonso, que permitirá descubrir a moito a faceta como poeta deste miñoto.

A poesía galega das vangardas está a renovar o seu interese nos últimos anos. Alén das figuras sobranceiras, especialmente de Manuel Antonio, comezouse un proceso de recuperación de autores marxinais que permitan achegamentos máis completos e documentados ó primeiro período que a poesía galega coñece de innovación e modernización. Teresa López, boa coñecedora da poesía do momento, sobre a que ten feito numerosas aportacións, publica *Sementeira de ronseis* (Espiral Maior). Trátase dunha antoloxía de cinco dos poetas menos coñecidos da vangarda, “poetas náufragos”, denomínoas a editora, isto é, Bal y Gay, Johán Carballeira, Denys Fernandes, Emilio Mosteiro e Otero Espasandín, autores, case todos, inencontrables. A introducción, ampla, amena e rigorosa, ofrece novas aportacións ó estudio das vangardas en Galicia, entre elas o conflito entre renovación da tradición popular ou a súa universalización. Por outra banda, en edición crítica, con abundante aparato crítico, aparece a reedición da *Obra galega* (Centro Ramón Piñeiro) de Xulio Sigüenza, preparada por Josefa Beloso Gómez, que, entre outros elementos de interese, reproduce notas críticas e mais algunha documentación gráfica, como debuxos e fotografías do autor.

Pola súa banda, Edición do Castro crea unha nova colección, Biblioteca del Exilio, que forma parte dun proxecto máis amplo de estudos sobre o tema que xa deu como froito varios congresos. Esta colección colócase na banda dos que pretenden gardar e divulgar unha memoria viva do exilio español en calquera lingua, e por iso anuncia un ambiciosísimo plan editorial que consiste na redición de obras de aproximadamente cincuenta escritores exiliados, entre eles (e por citar só ós galegos) Blanco Amor, Dieste, Seoane, Rubia Barcia ou Otero Espasandín. Como número 3 da colección aparece o primeiro tomo da *Poesía completa* de Lorenzo Varela, de Xosé Luís Axeitos, no que se recollen os poemas galegos con tradución ó castelán e se ofrece a bibliografía de e sobre o autor. A introducción, breve e en castelán, está pensada para o gran público lector en castelán. Tamén con vocación de recuperar autores en edición bilingüe galego-castelán, Espiral Maior abre unha nova colección, Auliga, que publicou unha *Antología poética* de Eusebio Lorenzo Baleirón e mais os *Cantos caucanos* de Avilés de Taramancos, ambos e dous preparados por Ánxeles Penas.